*Mantemento de beirarrúas. Na nova xerarquía viaria, as tarefas de mantemento e conservación de beirarrúas deberán homoxeneizarse segundo o nivel de xerarquía. Recoméndase realizar tarefas de mantemento na rede principal cada 5-6 anos para unha actuación integral, xa que é a rede que admite maiores intensidades de tráfico e unha maior concentración de tráfico pesado, así como actuacións de mantemento constantes mantemento (reparación de irregularidades) , reasfaltado puntual, etc. Tamén se recomenda priorizar a instalación de beirarrúas sonorizadoras na rede principal, para reducir a contaminación acústica producida polo tráfico rodado.*



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

*Xestión de licenzas. En canto á xestión de licenzas vinculadas a usos comerciais, hostalería, etc. na nova xerarquía viaria será necesario establecer elementos de restrición homoxéneos (horarios, localización, etc.) entre niveis vinculados a aqueles usos que poidan repercutir negativamente na rede viaria. A modo de exemplo, respecto da rede principal, será necesario restrinxir os permisos vinculados a terrazas de bar, etc. Tamén haberá que restrinxir na medida do posible os permisos vinculados ao peche puntual de rúas.*

*Materia sancionadora. Finalmente, en materia sancionadora, cómpre que os axentes da Garda Urbana de Ribeira velen polo cumprimento da nova normativa. Neste sentido, é importante prestar especial atención á rede principal, xa que será a que absorba máis tráfico. Será importante evitar as dobres colas, os xiros prohibidos e calquera outra situación que poida afectar á mobilidade.*

***Proposta 5.2*** *Proposta de saneamento viario do Paseo do Malecón 03/2014 Liña estratéxica xeral: Impulsar o uso racional do automóbil e mellorar a circulación e o tráfico* ***. Supresión alternativa 1 e 2.***

***Proposta 5.6. Proposta de pacificación progresiva da Avenida Rosalia de Castro e reordenación de sentidos da Rúa Lugo e Marcial Adalid 03/2014***.

*Liña estratéxica xeral: Impulsar o uso racional do automóbil e mellorar a circulación e o tráfico.* ***Poñer Marcial Adalid en dous sentidos e Avenida de Lugo en sentido ascendente.***

***Proposta 5.7. Proposta de reordenación dos sentidos de circulación na parroquia de Aguiño 03/2014.***

*Liña estratéxica xeral: Impulsar o uso racional do coche e mellorar a circulación e o tráfico. Obxectivos: Optimizar o funcionamento da rede viaria do Concello e das conexións entre parroquias.*

***As rúas Salvora e Francisco Lorenzo manterán o dobre sentido.***

*Liña estratéxica xeral: Potenciar o uso racional do coche e mellorar a circulación e o tráfico. Obxectivos: Optimizar o funcionamento da rede viaria do Concello e das conexións entre parroquias*

***Nova actuación desenrolando as aperturas de novas vías contempladas no PXOM, como exemplo da unión da rúa Cristobal Colón e asasinada á ampliación de vías como Romero Ortiz a Touro ou Sidreiras***

***Proposta 5.9 Impulsar plataformas de uso compartido do vehículo 03/2014 Liña estratéxica xeral: Impulsar o uso racional do coche e mellorar a circulación e o tráfico.***

*Obxectivos: Potenciar o uso do vehículo compartido.* ***Colaboración para a posta en marcha do estudo da Fundación Ría de Lanzadeiras que apoia a comarca.***

***Proposta 6.2 Posta en marcha de dúas novas reservas de aparcamento disuasoria e conexión co núcleo de Santa Uxía. Inclúe reservas para transporte discrecional 03/2014***.

*Liña estratéxica xeral: Facer compatible a oferta de aparcamento coas necesidades dos veciños, comercio e intermodalidade. Obxectivos: Optimizar a regulación do espazo destinado ao estacionamento de vehículos.* ***Incluír os aparcamentos existentes, así como as parroquias, así como a obriga do seu correcto estado de mantemento***

***Proposta 6.4 Reordenación das reservas de aparcamento e acceso ao faro de Corrubedo .Liña estratéxica xeral: Facer compatible a oferta de aparcamento coas necesidades dos veciños, empresas e intermodalidade.Obxectivos: Control da indisciplina nos aparcamentos***.

***Adaptar o plan o estado actual.***

***Propuesta 8.1*** *Realizar un Plan Local de Seguridad Vial 03/2014 Línea estratégica general: Aumentar la seguridad vial y la señalización en la vía pública Objetivos: Reducir la accidentabilidad y fomentar la convivencia entre los diferentes modos*

***O plan deberá incluir medidas de calmado do tráfico, as actuacións necesarias de utilización de elementos disuasorios da velocidad excesiva como pasos de peóns elevados,mellora da sua seguridade, semaforos e posta en marha de itinerarios escolares seguros.***

***9.6 Orzamento PMUS e marco de financiamento 9.6.1 Orzamento PMUS***.

***Actualizar custo e anualidades do 22 ao 27.***

***Suprimir as referencias a empresas non concesionarias e facer versión en galego así como uso correcto da toponimia.***



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

**SEGUNDO:-**Resolver as alegacións e suxestións presentadas polos grupos políticos municipais do PBBI, Ps de G-Psoe e BNG nos seguintes termos**:**

*PROPOSTAS GRUPOS POLÍTICOS*

***BNG***

*Alegación 1,3,5,6,12,20,21 , Alegación 2, enténdese incluida na actualización do plan de accesibilidade universal*

*Alegación 4, contemplada na proposta4,10*

*Alegación 7, contemplada na proposta 4,4*

*Alegación 8, contemplada na proposta 4,2*

*Alegación 9, incluida con outra redacción transacionada*

*Alegación 13,14 se entiende que o plan é quen o debe contemplar*

*Alegación 15, 16 contempladas na nova proposta 8,1*

*Alegación 17, enténsese que non é obxecto do Pmus salvo o réxime tarifario que é independente da alegación.*

*Alegación 18, contemplada na proposta 6,2*

*Alegación 19, contemplada na proposta 8,2*

*Alegación 22 contemplada na proposta 1,2*

***Ps de G-Psoe***

*Alegación 1, contemplada plan uso bici na proposta 1.2*

*Alegación 2, contemplada na proposta 9.2*

*Alegación 3, contemplada proposta 5.1 e na 8.1 co plan de seguridade*

*Alegación 4, está prevista e acordada levar a cabo*

*Alegación5, contempladas na proposta 8.2 e na 5.1*

*Alegación 6, contemplada na actualización plan de accesibilidade*

*Alegación 7, incluida na 5.9*

***PBBI***

*Alegación 1, incluida na proposta 4.3*

*Alegación 2, contemplada na 4.6*

*Alegación 3, contemplado aumento de información en paradas en proposta 4.8 que tamen sinala que a actuación é una primeira aproximación e que esta actuación solo se refire os paneis deberán estar preparados para poder incorporar información en tempo real do servicio una vez éste incorpore un SAEI (Sistema de Ayuda a Explotación e Informaciónna sua xestión*

*Alegación 4 modificada as velocidades na proposta 5.1*

*Alegación 5, denegada, a regulación que ven establecida parece correcta*

*Alegación 6, incluida na proposta 5.1*

*Alegación 7, incluida para as ruas Fco Lorenzo e Salvora*



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

***TERCEIRO***:*-Proceder á elaboración dun texto refundido definitivo no que se de cabida ás cuestións ás que se refiren os dous apartados anteriores.*

***CUARTO***:*-Publicar o devandito texto refundido no BOP de A Coruña ós efectos previstos no artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

***QUINTO***:*-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de maio de 2022, co seguinte resultado:

**-VOTOS A FAVOR: 14 (9 PP, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA: 7 PBBI**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***maioría absoluta*** do seu número legal **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **APROBACIÓN DEFINITIVA PMUS DE RIBEIRA, PREVIA RESOLUCIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS DURANTE O TRÁMITE DE INFORMACIÓN AO PÚBLICO,** quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

## 4.-APROBACION INICIAL REGULAMENTO MESA DE MOBILIDADE.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente data 24 de maio de 2022 sobre proposta da Alcaldía de data 23 de maio de 2022, e que é do seguinte tenor literal:

***PRIMEIRO:-*** *Aprobar inicialmente o Regulamento Municipal de funcionamento da Mesa de Mobilidade, de acordo co seguinte texto:*
*REGULAMENTO DA MESA DE MOBILIDAD CONCELLO DE RIBEIRA*

***1.- INTRODUCIÓN***

*A nosa cidade, como moitas cidades do mundo desenvolvido, viviu nas últimas décadas un proceso evolutivo da súa mobilidade baseado en parámetros non sostibles ao longo do tempo.*

*A popularización do uso do vehículo privado, concibido ata o de agora como un símbolo da liberdade individual de movemento, comportou unha perda do equilibrio tradicional no uso do espazo público.*

*Este feito conlevou o desprazamento e a marxinalización doutros usos tradicionais da vía pública. A rúa foi durante xeracións, á vez que unha vía de transporte, un espazo de encontro e de interrelación social: lugar de intercambios comerciais, de relación entre veciños e visitantes, de manifestacións lúdicas e culturais, de xogos e de conversación.*



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

*A evolución tecnolóxica comportou, dende a segunda metade do século XX, unha verdadeira revolución nos medios de transporte utilizados pola poboación, de forma que se popularizou o uso do coche (ata límites irracionais) e destinou a maior parte do espazo público para a circulación e o estacionamento.*

*Como municipio integrante da Rede Impulso de Cidades e Pobos cara á Sustentabilidade, queremos modificar esta tendencia e adoptar as medidas necesarias para definir un modelo de mobilidade de acordo co carácter de cidade atlántica e aberta ao espazo público.*

*Son varias as razóns que xustifican a necesidade de contar cunha estratexia relativa á mobilidade que implique un Pacto entre administracións, organizacións políticas e axentes sociais de Ribeira.*

*A primeira é que os problemas da mobilidade e a accesibilidade adquiriron na nosa cidade unha gran entidade, constituíndo unha das preocupacións principais dos ribeirenses, na medida en que constitúen un compoñente esencial do uso do espazo público para a actividade laboral, educativa, comercial e de lecer.*

*Unha segunda razón podería ser a necesidade de marcar unhas pautas xerais que determinen como actuar en todos os ámbitos (urbanísticos, arquitectónicos, ambientais, etc.) segundo as necesidades que identifiquen os cidadáns en materia de mobilidade.*

*A preocupación de todos por unha cidade de maior calidade ambiental fai exporse vías de solución á problemática que a necesidade dos desprazamentos e o uso das vías públicas xeran.*

*Estas solucións deben vir dun acordo global entre os distintos sectores cidadáns implicados que, aínda non sostendo intereses coincidentes, deben traballar para a consecución de políticas de mobilidade concertadas.*

*É por todo isto, que o Concello de Ribeira toma a decisión de crear a Mesa da Mobilidade Sostible como órgano de participación e debate cidadán ao redor da problemática que o modelo de mobilidade xera na nosa cidade.*

*É moi importante que os responsables municipais coñezan a opinión dos cidadáns e cidadás, aprendan dos seus coñecementos e as súas experiencias e teñan en conta as súas consideracións á hora de deseñar as políticas locais de mobilidade.*

***2.- DEFINICIÓN DA MESA DA MOBILIDADE***

*A Mesa da Mobilidade Sostible é un órgano de participación e debate cidadán ao redor da mobilidade e accesibilidade na cidade de Ribeira.*

*O carácter deste órgano de participación é informativo e consultivo, é dicir, ten como función principal a de asesorar ao Concello no concernente ao deseño das súas políticas de mobilidade. Tamén se pode definir como órgano de reflexión (reflexión sobre a mobilidade en Ribeira a partir da información achegada) e proposta actuacións concretas ou xenerais a partir do debate entre as entidades. Neste sentido, o Concello de Ribeira, que fomenta a participación mediante a creación deste órgano, considerará as propostas ou conclusións da Mesa en materia de mobilidade e accesibilidade que xurdan do debate, no proceso de toma de decisións do goberno municipal.*

*Por outra banda, a Mesa da Mobilidade quere ter un carácter pedagóxico; unha das súas funcións principais é a de facilitar a información necesaria aos seus integrantes que permita ter o maior coñecemento posible sobre un tema tan complexo como é a mobilidade, e fomentar a deliberación como paso previo ao debate.*

*A Mesa da Mobilidade constitúese como órgano de participación e consulta de carácter permanente e evolutivo, que se pode ir adaptando a diferentes situacións ou circunstancias.*

***3.- OBXECTIVOS DA MESA DA MOBILIDADE***

*A Mesa da Mobilidade pretende fomentar o debate sobre a mobilidade de persoas e mercadorías na cidade de Ribeira e as disfuncionalidades que xera. Este debate debe incluír, de maneira preferente, todos os aspectos relacionados coa mobilidade interna e a accesibilidade dentro da cidade, porque é o ámbito de responsabilidade do Concello. Con todo, tamén será necesario considerar temas de alcance supramunicipal, dado o amplo alcance da mobilidade que afecta a Ribeira e ao seu ámbito de influencia. Os obxectivos marcados como de interese a alcanzar resúmense en:*



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

- *Fomentar o debate e a participación cidadá para traballar por un modelo de mobilidade máis sostible, máis integrador e máis seguro.*
- *Lograr a implicación e o compromiso de todos os integrantes da Mesa para lograr un debate activo e positivo, que permita avanzar na xeración de propostas concretas.*
- *Vehicular o coñecemento das entidades, as institucións e as empresas sobre o sector da mobilidade.*
- *Obter coñecemento periódico das preocupacións do conxunto de cidadáns e cidadás respecto da súa mobilidade e accesibilidade para complementar as achegas dos integrantes da Mesa mediante consultas periódicas en coordinación con outros órganos de participación (Plan Estratéxico, , etc.).*
- *Impulsar a colaboración entre os axentes integrantes da Mesa e o Concello para organizar conferencias, xornadas e outras campañas divulgativas que contribúan ao carácter pedagóxico da Mesa da Mobilidade.*
- *Informar e consultar aos integrantes da Mesa da Mobilidade respecto das actuacións municipais en materia de mobilidade.*
- *Diagnosticar disfuncionalidades relacionadas coa mobilidade e a accesibilidade relativa a persoas e a mercadorías.*
- *Tratar de alcanzar posicións de consenso a partir do debate entre os participantes que permitan avanzar en propostas concretas de actuación. Elaborar un "Pacto pola Mobilidade" como desenvolvemento do Plan de Mobilidade Urbana Sostible ( PMUS) e como documento onde a cidade concrete o modelo de mobilidade que quere e que sirva de marco de referencia para o diálogo.*

***4.- COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DA MESA DA MOVILIDADE***

*Partes integrantes da Mesa da Mobilidade*

*A Mesa da Mobilidade está formada polo* **Plenario** *e polas* **Comisións de Traballo** *que se consideren.*

*O Plenario é o órgano motor da Mesa da Mobilidade, que procura o seu funcionamento.*

*É o espazo onde se poñen en común os resultados da actividade das diferentes comisións de traballo (conclusións, propostas, etc.) para o seu debate e, se cadra, a súa aprobación.*

*O Plenario estará formado polos seguintes integrantes permanentes:*

*Presidente: Alcalde/sa.*

*Vicepresidente: Concelleiro/a de Medio Ambiente, tráfico ou persoa na que delegue*

*Secretario: secretario/a do Concello ou técnico/a de administración xeral no que delegue*

*Concelleiros/as de Infraestruturas, Urbanismo, Educación, tráfico e Protección civil, Promoción e dinamización económica*

*Técnicos/as Municipais ligados a cada unha destas Área ou Concellerías.*

*Policía Local.*

*Un/a Concelleiro/a ou representante de cada un dos Grupos Políticos da Corporación.*

*Un/a representante das Asociación de Veciños.*

*Presidente/a Asociación Empresarios e Comerciantes*

*Un/a representante dos sindicatos*

*Presidente/a Asociación de Taxi.*

*Empresas de Transporte suburbano, Interurbano e Escolar con presenza na Cidade.*

*Concesionario do Guindastre.*

*Representante de Aparcamentos Públicos se houbese.*



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

*Asociacións de Persoas Maiores.*

*As Asociacións de PMRs do Concello(Persoas con Mobilidade Reducida).*

*Un/a representante de peñas ou clubes cicloturistas*

*No seu caso,expertos Asesores en Mobilidade Urbana. Colexios profesionais de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, e Arquitectura Outros que a Corporación estime pertinente.*

*Para o caso das Asociacións, Colectivos e colexios profesionais, a representación na Mesa estará confiada a un Titular por cada colectivo e a un substituto ante a ausencia do Titular. As reunións do plenario serán presididas polo/a Alcalde/sa, e en ausencia do mesmo, a persoa na que delegue.*

***FUNCIONS DO PLENARIO***

*As principais funcións que se lle asignan ao Plenario son:*

*Establecer/Modificar as normas internas de funcionamento da Mesa de Mobilidade.*

*Definir e constituír as comisións de traballo que se consideren.*

*Definir os obxectivos xenéricos e específicos da Mesa de Mobilidade*

*Definir os obxectivos e o plan de traballo das diferentes comisións*

*Elevar os resultados do traballo das comisións e do mesmo plenario aos órganos do Concello para os cales a Mesa da Mobilidade debe ser un órgano asesor*

*Convidar a expertos externos necesarios para enriquecer o debate.*

*Organizar xornadas ou conferencias divulgativas, etc.*

*Dar apoio ás actividades propostas polas entidades*

*Facer o seguimento dos acordos (conclusións ou propostas) e informar aos integrantes do plenario da súa evolución.*

*Recoller e vehicular as opinións ou posicionamentos dos diferentes axentes representados á Mesa.*

***FUNCIONS DA PRESIDENCIA***

*As funcións que lle corresponden á Presidencia recóllense nos seguintes puntos:*

*Tomar as decisións necesarias sobre as cuestións que se traten nas comisións e que leven á consideración do Plenario.*

*Presidir e representar a Mesa da Mobilidade*

*Convocar reunións, fixar a orde do día e levantar acta das reunións*

*Moderar o debate do plenario*

*Trasladar os acordos ou conclusións do plenario as diferentes áreas do Concello.*

*Facer o seguimento das propostas ou acordos e informar da súa evolución*

*Establecer o calendario dos plenarios e das comisións de traballo*

***FUNCIONS DOS/AS VOGAIS***

*Igualmente, as funcións atribuídas aos vogais resúmense en:*



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

*Representar a súa entidade tanto no plenario como nas comisións de traballo*

*Participar nas comisións de traballo en función dos seus intereses.*

*Debater os temas da orde do día, achegar ideas, propoñer temas de debate.*

*Achegar á Mesa as súas propias experiencias sobre temas concretos relacionados coa súa actividade.*

***REUNIONS DO PLENARIO***

*O Plenario reunirase un mínimo de unha vez ao trimestre. As reunións serán convocadas pola presidencia. A función de secretaría será garantida polo Concello.*

***CONVOCATORIAS***

*As convocatorias serán feitas pola presidencia a iniciativa propia ou se a metade máis un dos membros da Mesa piden unha reunión extraordinaria do Plenario, sempre que se acompañe dun escrito que razoe a súa necesidade. Neste caso, a reunión deberase convocar no prazo de 15 días.*

*As convocatorias dos plenarios faranse vía correo electrónico, ou correo ordinario para quen non dispoña deste servizo, cunha antelación mínima de 7 días antes da reunión. Excepto as reunións convocadas de urxencia que deberán ter unha antelación mínima de 48 horas*

*Ademais, colgaranse na WEB do Concello. As convocatorias irán acompañadas da orde do día da reunión ao cal se poderán incorporar cantas achegas realícense polos Membros da Mesa.*

*As ordes do día serán elaborados pola presidencia.*

*Os representantes das entidades poden facer propostas para a orde do día, previamente á convocatoria. A presidencia informará sobre a súa decisión respecto das propostas das entidades.*

***ACTAS***

*Faranse actas de todas as reunións. As actas enviaranse por correo electrónico ou correo ordinario a quen non dispoña deste servizo.*

*As propostas de emenda poderanse facer chegar vía correo electrónico, correo ordinario ou teléfono. As actas serán aprobadas nas reunións posteriores (o primeiro punto da orde do día será a aprobación da acta da reunión anterior).*

*Unha vez aprobadas, serán enviadas de novo aos integrantes da Mesa.*

*Nas actas figurarán os asistentes e os escusados*

***SEGUNDO**.- Someter o acordo adoptado a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín oficial da provincia da Coruña e Taboleiro Electrónico do Concello polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación.*

***TERCEIRO**.- Publicar o texto desta versión inicial no Portal de Transparencia do Concello de RIBEIRA de conformidade co sinalado na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia*

***CUARTO**.- O prazo de presentación de reclamacións empezará a contar a partir do día seguinte da publicación do anuncio no Boletín oficial da provincia da Coruña. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de maio de 2022, co seguinte resultado:

**FAVOR: 21** **(9PP, 7 PBBI; 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidad***e dos seus vinteún membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **APROBACION INICIAL REGULAMENTO MESA DE MOBILIDADE,** quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

**5.-APROBACIÓN INCIAL DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DOS BENS INMOBLES E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "SENDA PEONIL EN COROSO".**

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente data 24 de maio de 2022 sobre proposta da Alcaldía de data 19 de maio de 2022, e que é do seguinte tenor literal:

***PRIMEIRO.-*** *Considerar a aprobación do proxecto denominado "SENDA PEONIL EN COROSO (Expte 2021/000000001136)", acordada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 31/01/2022, que leva anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos cuxa relación concreta individualizada se describe no proxecto citado así como no informe técnico referido a continuación, de conformidade co disposto no artigo 94 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.*

***SEGUNDO.-*** *Aprobar inicialmente a Relación, que segue a continuación, que comprende os bens e dereitos, así como os seus titulares, que se consideran de necesaria ocupación para a execución das obras incluídas no proxecto denominado "SENDA PEONIL EN COROSO", de conformidade co informe técnico emitido na data 13/05/2022 pola enxeñeira municipal, e tendo en conta o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data de hoxe, pola que se adquire mediante compravenda a finca de referencia catastral 15074A007000240000KF:*

| *Finca* | *Referencia Catastral* | *Localización* | *Sup. total (m2)* | *Sup. afectada (m2)* | *Tipo de afección* | *Clasificación urbanística* | *Titular Catastral* | *DNI* | *Domicilio* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *2* | *15074A007000250000KM* | *Avenida Coruña* | *404* | *50* | *Pleno dominio (100% de propiedade)* | *Solo urbano* | *Descoñecido* | | |
| *3* | *15074A007000260000KO* | *Avenida Coruña* | *234* | *14* | *Pleno Dominio (60% de propiedade)* | *Solo urbano* | *Manuel Sieira Rívas* | *33194185X* | *Deán Grande. Ribeira* |



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 3 | 15074A007000260000KO | Avenida Coruña | 234 | 14 | Pleno Dominio (40% de propiedade | Solo urbano | Jesús Sieira | L2845469R | Deán Grande, 42. Ribeira |

***TERCEIRO.-*** *Someter a información pública a Relación dos bens e dereitos de necesaria ocupación insertando os correspondentes anuncios no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello (sede electrónica) así como nun xornal de gran circulación na provincia, durante un prazo de quince días, contados a partir da última das publicacións referidas, co obxecto de que os interesados poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e o seu estado material ou legal.*

*Para estes efectos o expediente estará exposto no departamento de secretaría da Casa Consistorial do Concello de Ribeira, sito no 1º andar.*

***CUARTO.-*** *Notificar este acordo, de forma individual, a cada un dos interesados. Igualmente, notificaráselle o contido deste acordo ao Ministerio Fiscal, para os efectos establecidos no artigo 5 da LEF, en relación cos propietarios descoñecidos.*

***QUINTO.-*** *Instar ao órgano autonómico competente a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan na Relación anteriormente exposta, para os efectos de expropiación no proxecto de execución da obra "SENDA P6EONIL EN COROSO", declaración de urxencia cuxos motivos se expoñen no informe emitido na data 18/05/2022 polo técnico de medio ambiente:*

**"5.2. Necesidad de la actuación y de la declaración de la urgencia de la expropiación.**

*En la actualidad,* ***el entorno del Río Grande está muy degradado, siendo imposible circular por su zona de servidumbre, que se encuentra totalmente en desuso debido a la existencia de vegetación salvaje que lo invade todo.***

***El arroyo existente****, importante por su ubicación próxima a la playa de Coroso,* ***no se puede aprovechar, ni se puede usar, ni tan siquiera se aprecia ya que el río está tapado.*** *Tanto es así, que* ***la zona objeto de la actuación incluye lugares que, hoy en día, son inaccesibles y desconocidos.***

***No existen aceras o espacios para el peatón en la zona****, al que le es imposible el acceder a ella, y, de pretenderlo, tendría que atravesar por cualquier zona, al no haber un camino definido,* ***dificultando la elección de los modos de transporte sostenibles como una vía realista para el desplazamiento habitual*** *de conexión entre el Punto de comienzo y punto Final.*

*Por lo tanto, urge transformar el* ***frente fluvial*** *en una zona con mayor calidad ambiental, paisajística y de seguridad, generando un espacio mixto, con predominio para el peatón, potenciando la movilidad alternativa y dándole plusvalía a los espacios verdes, para el uso cotidiano y el esparcimiento, con una* ***regeneración urbana sostenible,*** *en la que se potenciará el paseo contemplativo, el caminar y el desplazamiento en bicicleta, ya que esta nueva conexión no será para vehículos, restringiendo exclusivamente el acceso a los peatones y ciclistas, con lo que se incrementará la actividad de los vecinos y resto de usuarios,* ***descubriendo lugares a través de este nuevo camino fluvial.*** *Así se logrará potenciar la actuación paisajísticamente, integrando la belleza de la marisma con los valores ambientales existentes.*

***Es absolutamente necesaria una mejora de las condiciones ambientales****, por lo que la importancia de este medio en ningún caso se verá mermada, sino que será mejorada en mayor o menor medida.*

*Es preciso descubrir y poner en valor un* ***espacio público*** *para el bienestar y el* ***beneficio económico, social y ambiental*** *para los habitantes de Ribeira y posibles turistas. Todo este* ***desarrollo peatonal*** *está planteado de una manera* ***integradora, sostenible e innovadora*** *que perdurará en el tiempo ya que da acceso a una zona inaccesible y conecta dos espacios de manera sostenible que actualmente se encuentran separados por una marisma, convirtiéndose en un área dinámica y vibrante, adaptada a todos los usuarios. Pensada, proyectada y posteriormente construida por y para los ciudadanos.*



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

*Por último, es preciso añadir que la ejecución de las obras debería realizarse antes de la temporada de máximas precipitaciones, que suele coincidir con los meses de otoño e invierno, lo que dificultaría el desarrollo de los trabajos, dado la zona de que se trata.*

*En este ejercicio presupuestario el Concello de Ribeira dispone de los medios económicos necesarios para contratar la ejecución del proyecto.*

*Por todo ello, **se entiende justificado interesar la declaración de urgencia para el procedimiento expropiatorio objeto de este informe**, de manera que se puedan acometer las actuaciones recogidas en el proyecto con la máxima agilidad posible, con el único propósito de recuperar y proteger el ecosistema natural del entorno objeto del proyecto, con la puesta de la zona en su máximo valor.”*

***SEXTO.-*** *Remitir o expediente completo ao órgano autonómico competente.*

***SÉTIMO.-*** *Comunicar a todos os interesados que, de conformidade co disposto no artigo 24 da LEF, este expediente expropiatorio, que se inicia coa adopción polo Pleno da Corporación dos acordos aquí referidos, darase por rematado no caso de que o Concello e aqueles conveñan a adquisición dos bens e dereitos obxecto da expropiación libremente e por mutuo acordo.*

***OITAVO.-*** *Publicar este acordo para que, conforme ao establecido no artigo 44 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sirva de notificación aos interesados que resulten descoñecidos, se ignore o lugar para a práctica da notificación, ou ben porque intentada a notificación non se puido efectuar.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de maio de 2022, co seguinte resultado:

**FAVOR: 21 (9PP, 7 PBBI; 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**

**-VOTOS EN CONTRA: 0**

**-ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidade*** dos seus vinteún membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **APROBACIÓN INCIAL DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DOS BENS E DEREITOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “SENDA PEONIL EN COROSO,** quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

## 6.-APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DO NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIBEIRA.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente data 24 de maio de 2022 sobre proposta da Alcaldía de data 23 de maio de 2022, e que é do seguinte tenor literal:

***PRIMEIRO.-*** *Iniciar o expediente de expropiación polo procedemento de taxación conxunta por razón de urbanismo para a execución do novo Polígono Industrial de Ribeira, e aprobar inicialmente o Proxecto de Expropiación redactado polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueira en maio de 2022 e asinado dixitalmente con data 16/05/2022, presentado no rexistro xeral do Concello de Ribeira co rexistro de entrada número 202200009341.*



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

*A relación de propietarios suxeitos á expropiación é a seguinte:*

| TITULAR | NIF/CIF | DOMICILIO | PARCELA |
|---|---|---|---|
| BARRERAS PUENTES, MANUELA | | Ribeira (A Coruña) | 3 y 13 |
| CANIBE GONZALEZ, CARMEN. HROS. De | 33083328-J | Lg. Carballo nº 2. Oleiros; Ribeira (15960 - A Coruña) | 15 |
| FERNANDEZ BRION, LUCIA ANTONIA | 76515219-S | Rúa Moldes; Ribeira (15960 - A Coruña) | 1/3 de la 19 |
| FERNANDEZ BRION, Mª DOLORES | 33197098-W | Rúa Vilar nº 17. S. Pedro de Palmeira; Ribeira (15959 - A Coruña) | 1/3 de la 19 |
| FERNANDEZ BRION, VICENTE | 33202887-H | Rúa Erizana nº 64. Sabaris; Baiona (36393 - Pontevedra) | 1/3 de la 19 |
| FERNANDEZ FERNANDEZ, JOSE MANUEL | 33234278-Z | Rúa Coroso nº 12. Palmeira; Ribeira (15950 - A Coruña) | 20 |
| LARANGA SANTOS, ENCARNACION TERESA | 76490365-R | Lg. Axeitos nº 8. Oleiros; Ribeira (15960 - A Coruña) | 6 y 10 |
| LARANGA SANTOS, JOSEFA DEL ROSARIO | 33191584-P | Lg. Miñoeiro. Palmeira; Ribeira (15960 - A Coruña) | 5 y 11 |
| LARANGA SANTOS, Mª DEL ROSARIO | 33153226-Z | Lg. Carballa nº 6. Palmeira; Ribeira (15950 - A Coruña) | 4 y 12 |
| LUIS ESCURIS BATALLA, S.L. | B-15468952 | Polig. Industrial A Tomada; A Pobra do Caramiñal (15940 - A Coruña) | 18 |
| MARTINEZ CANIBE, JUAN BAUTISTA | 52450602-E | Lg. A Igrexa nº 11; Ribeira (15993 - A Coruña) | 16 |
| MARTINEZ PEREZ, JOSEFA | 76484106-K | Lg. Carballa nº 10; Ribeira (15950 - A Coruña) | Usufructo sobre 1/3 de la 7 |
| OLVEIRA SANTOS, ENCARNACION | 33081558-Z | Lg. Lomba nº 9. Palmeira; Ribeira (15950 - A Coruña) | 2 y 14 |
| PETROGAS BARBANZA, S.L. | B-15657752 | Rúa Galicia nº 100 Bl:L2; Ribeira (15960 - A Coruña) | 1 y 21 |
| RIVAS MARTINEZ, JOSE ANDRES | 52930193-V | Avda. da Paz nº 70. S. Pedro de Palmeira; Ribeira (15959 - A Coruña) | 1/3 nuda propiedad y 2/3 pleno dominio de la 7 |
| RIVAS SIEIRA, RAMONA | 33077984-M | Rúa Sta. Uxia nº 1, 1º A; Ribeira (15960 - A Coruña) | 8 y 9 |
| SERANS MARIÑA, GUMERSINDO | | Pq. Palmeira; Ribeira (15960 - A Coruña) | 17 |

***SEGUNDO.-*** *Someter o Proxecto de Expropiación a información pública por prazo dun mes, para que aquelas persoas que puideran resultar interesadas formulen as observacións e reclamación que estimen convenientes, en particular no que resulta á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.*

*A información pública efectuarase mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia e nun xornal dos de maior circulación da provincia.*

***TERCEIRO.-*** *Notificar individualmente o presente acordo a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, mediante traslado literal da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, a contar a partir da data da notificación.*

*Entenderanse as dilixencias co Ministerio Fiscal cando non comparezan no expediente os propietarios ou titulares do ben ou dereito obxecto de expropiación, ou por non atoparse no seu domicilio, non recibindo, polo tanto, as notificacións pertinentes, do que se deixará constancia no expediente, ou por estar en situación de descoñecido ou outras causas, conforme ó determinado na LEF.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido do ditame, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓNS DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de maio de 2022, co seguinte resultado:

**FAVOR: 21 (9PP, 7 PBBI; 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)**



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

-**VOTOS EN CONTRA: 0**

-**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda por ***unanimidade*** dos seus vinteún membros de dereito **aprobalo** ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente sobre **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DO NOVO POLÍGONO INDUSTRIAL DE RIBEIRA,** quedando convertido en acordo en todos os seus termos.

**7.-APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN BASE Nº 51 DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL.**

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 24 de maio de 2022 sobre a base dunha proposta da Alcaldía de data 19 de maio de 2022 do seguinte tenor literal:

*"MODIFICACIÓN DA BASE Nº 51 DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO*

*Na data actual o Orzamento do Concello de Ribeira atópase en situación de prórroga. Debido a isto, a concesión das subvencións nominativas reflectidas no orzamento de 2021 non se entende prorrogada polo que debe ser ratificada novamente polo Pleno da Corporación a través da modificación da Base nº 51 de execución do orzamento*

*Visto o informe de Intervención.*

*Polo tanto, esta Alcaldía-Presidencia propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Modificar a base nº 51 de execución do orzamento, establecendo as seguintes subvencións nominativas:*

| | *Beneficiario* | | |
|---|---|---|---|
| *Obxecto e Finalidades* | *NIF* | *Denominación* | *Importe* |
| *Cota socio 2022* | *G15629629* | *Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade* | *2.100,00 €* |
| *Campañas de prevención – Convenio Asociación Renacer* | *G15281611* | *Asociación Antidroga Renacer* | *3.400,00 €* |
| *Diversidade funcional – Convenio Asociación AMBAR* | *G15052434* | *AMBAR* | *3.400,00 €* |
| *Diversidade funcional – Convenio Asociación AMICOS* | *G15747678* | *AMICOS* | *3.400,00 €* |
| *Diversidade funcional - Convenio Asociación A CREBA* | *G15476310* | *A CREBA* | *3.400,00 €* |



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Atención a infancia - Convenio Asociación FAIBEN* | *G27713379* | *FAIBEN* | *3.400,00 €* |
| *Cota socio 2022* | *G36202471* | *Padroado da Fundación Galega contra o Narcotráfico* | *2.500,00 €* |
| *Programa Universidade de Maiores* | *Q1518001A* | *Convenio USC* | *11.669,88 €* |
| *Contribución ao sostemento do Museo Etnográfico de Artes* | *G15140320* | *Centro Recreativo e Cultural de Artes* | *15.000,00 €* |
| *Cota socio 2022* | *G15037195* | *Padroado do Museo do Pobo Galego* | *150,00 €* |
| *Colaboración documental audiovisual "El Muro. Galicia frente al narco"* | *B36529063* | *Imagen y Comunicación de Pontevedra, S.L.* | *6.000,00 €* |
| *Subvención Festa da Dorna 2022* | *G15315682* | *Asociación Cultural Real e Ilustre Cofradía da Dorna* | *40.000,00 €* |
| *Subvención Festa do Percebe 2022* | *G15027220* | *Cofradía de pescadores de Carreira y Aguiño* | *15.000,00 €* |
| *Convenio Club Náutico – Fomento Escola de Vela* | *G15033152* | *Club Náutico Riveira* | *3.500,00 €* |
| *Convenio Asoc. Lajareu por Barlovento – Fomento Vela Tradicional* | *G15549090* | *Asociación Cultural Lajareu por Barlovento* | *2.000,00 €* |
| *Campaña comercio de Nadal 2021/2022 – Convenio* | *G15045594* | *Asociación de Empresarios de Ribeira* | *5.000,00 €* |
| *Realización Rally de Ribeira* | *G16883308* | *Escudería Ribeira Ría de Arousa* | *20.000,00 €* |
| *Achega 2022* | *G15687932* | *Fundación Ruta Xacobea Mar de Arousa e Ulla* | *601,01 €* |
| *Confinanciamento progr. FO200* | *G15798168* | *Fundación Museo Artes Grabado* | *8.190,31 €* |
| *Achega ordinaria 2022* | *P1500018E* | *Mancomunidade de Municipios Arousa Norte* | *55.000,00 €* |
| *Fomento da accesibilidade* | *G15108814* | *Liceo Marítimo de Ribeira* | *3.000,00 €* |
| *Centro de emerxencia social* | *R1500363E* | *ICE Renovación* | *6.400,00 €* |
| *Achega 2022* | *G75019828* | *Rede de Cidades pola Bicicleta* | *600,00 €* |
| *Achega 2022* | *G87291621* | *Asociación Red Innpulso (ARINN)* | *1.500,00 €* |
| *Achega 2022* | *G28783991* | *Federación Española de Municipios e Provincias* | *2.000,00 €* |
| *Achega 2022* | *G15160963* | *Federación Galega de Municipios e Provincias* | *2.000,00 €* |



CSV: 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000DB25800F3Z4Q0W9A7W3 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/06/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 22/06/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/06/2022 08:16:24

DOCUMENTO: 20220897624
Fecha: 22/06/2022
Hora: 08:16

| | | | |
|---|---|---|---|
| *Achega 2022* | *G70196597* | *Grupo de Acción Costeira Ria de Arousa* | *1.000,00 €* |
| *Achega 2022* | *G36798510* | *Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular* | *12.000,00 €* |
| *Achega 2022* | *G15817935* | *Agrupación de Desarrollo Local DELOA* | *1.200,00 €* |

*2.- Que continúe a tramitación do expediente con inmediata exposición ao público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.*

*3.- Que non suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobada a modificación inicialmente publicada no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.*

